

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	CAMARIÑAS
Edificio	Ermida de Santa Mariña de Tosto
Dirección	Santa Mariña, s/n. 15122
	43.18317895064236 -9.127380430685308
Protección	
Descrición	<p>Campá da igrexa de Santa Mariña de Tosto (Camariñas, A Coruña). Unha campá fundida pola fundición Ortiz na Coruña pero non sabemos o ano.</p> <p>Onde hoxe está situado a pequena capela e o campo da festa, os eremitas beneditinos fundaron o mosteiro de Santa Mariña de Tosto que foi obxecto de múltiples saqueos por parte de piratas e normandos que se infiltraban pola costa, non quedando na actualidade vestixio dese pasado. Un dos primeiros documentos conservados que fai referencia ás terras da Costa da Morte é unha rica doazón a favor do mosteiro de Santa Mariña de Tosto (Xaviña – Camariñas), datado no ano 1046. O cronista beneditino fray A. de Yepes afirmaba a inicios do século XVII que este mosteiro era moi antigo, posiblemente de principios do século X, e que debido á súa riqueza, fora saqueado en varias ocasións, en parte, pola súa proximidade á costa. No último cuarto do século X o mosteiro foi restaurado como priorato do mosteiro compostelán de San Paio de Antealtares pero sería destruído de novo para voltar a ser reedificado a finais do século XII cando o abade de San Paio lle concede as terras que van desde San Simón de Nande (Laxe), San Martiño de Carantoña e San Cristovo de Carnés (Vimianzo) e San Pedro de Leis (Muxía) ata o mar, dándolle tamén para o seu sustento as rendas do coto de Moraima (Muxía). No século XVII, arruinados os claustros, tan só quedaba en pé a igrexa, da que hoxe só lle queda unha simple capela, quedando da fábrica románica o arco triunfal do seu interior.</p>
Campás	1 campá.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	25-12-2020

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Campá (1)	ORTIZ	1950ca		

Información completa: [Ermida de Santa Mariña de Tosto - CAMARIÑAS \(GALICIA\)](#)

PDF (22-05-2026)